



AXUDAS AO EMPRENDEMENTO – 2024

Apoios para facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e a súa competitividade, e mantendo empregos de calidade



Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas, mutualistas, pequenas e medianas empresas, sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e Centros Especiais de Emprego que, entre outros:

- Teñan domicilio fiscal en Galicia.
- Constituídas/dadas de alta e que iniciasen a súa actividade económica no período que transcorre **entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data de presentación da solicitude**.
- Teñan presentado, segundo corresponda, as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.
- Non obtivesen resolución favorable na convocatoria desta axuda nos anos 2022 ou 2023.



Conceptos subvencionables

Os investimentos en propiedade **xa realizados e pagados** entre o 30 de setembro de 2023 e a data de solicitude, vinculados de xeito indubidable ao proxecto empresarial, no eido de:

- Equipamento informático.
- Activos intangibles (sen materialización física ou financeira).
- Investimentos en eficiencia enerxética.
- Bens de equipamento e mobiliario.
- Gastos notariais e/ou rexistrals.
- Gastos de aluguer de inmobles para a realización da actividade (achegar contrato de arrendamento).
- Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
- Activos pertencentes a un establecemento ou bens de equipo de 2ª man sempre que:
 1. Os activos se adquiren a unha persoa non relacionada coa persoa emprendedora*.
 2. Consta declaración da persoa vendedora sobre a orixe dos activos e de que non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
 3. Se acredita por taxador/a independente ou por empresa subministradora de bens da mesma tipoloxía que o prezo de compra non é superior ao valor de mercado.

* Non aplica se a persoa emprendedora que continúa coa empresa é membro da familia da persoa propietaria inicial, ou unha empregada que se faga cargo da empresa para continuar a actividade.



AXUDAS AO EMPRENDEMENTO – 2024



Intensidade dos apoios

I. Para investimentos

30.000€
máximo

Entre **5.000€** e **10.000€**

60%

do investimento

Entre **10.001€** e **30.000€**

50%

do investimento

Entre **30.001€** e **50.000€**

40%

do investimento

Entre **50.001€** e **100.000€**

30%

do investimento

II. Para outros gastos

900€
máximo

Gastos notariais e
registrais

ata **300€**

Aluguer de inmobles
para a actividade

ata **600€**



Documentación complementaria

Xunto coa solicitude **deberase** achegar a seguinte documentación:

- Poder suficiente da persoa representante no caso de actuar mediante representación.
- Contrato ou documento de creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidades sen personalidade xurídica, segundo corresponda, onde conste a porcentaxe de participación das persoas socias ou comuneiros, se é o caso.
- Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037), no que debe figurar a data da alta, o domicilio fiscal e a localización do establecemento da actividade.
- No caso de persoas mutualistas, certificado de alta no colexio profesional indicando si presupón ou non exercicio de actividade; e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta.
- Facturas e o seu xustificante bancario de pagamento correspondente.

Acceso á ficha da
sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 020212024

Para investimentos **iguais ou superiores a 15.000€** ou obras **iguais ou superiores a 40.000€** aínda non realizados **no momento de publicación da convocatoria**, deberá presentarse coa solicitude **tres ofertas de diferentes empresas non vinculadas** coa persoa solicitante, con data previa ao compromiso de prestación.

A elección entre as ofertas atenderá a criterios de eficiencia e economía e deberase xustificar expresamente no anexo de solicitude cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

- No seu caso, declaración responsable de **persoas e empresas vinculadas** en que acredite que as ofertas presentadas **non corresponden a empresas vinculadas á solicitante nin a persoas relacionadas coa mesma ata o 4º grao de consanguinidade ou afinidade.**